

1.Tema

O tema principal trata dunha narración da vida dun xudeu nun campo de concentración alemán.

Os temas secundarios son como chega a mans de Regina o violín de seu tío e tamén dá información dos campos de concentración alemán.

2.Argumento

A obra comeza falando dun grupo que toca nun concerto, cando acaban un home do grupo chamado Clemente fíxase nunha violinista dunha orquesta, ó acabar, Clemente fala coa muller, chamada Regina, e pregúntalle polo seu violín e ela di que o fabricara seu tío. Entón, el interésase pola historia do violín e logo de cear aquela noite con el e mediante unha compoñente do grupo Regina dálle a historia do violín a Clemente e é ésta:

Daniel era un home que estaba no campo de concentración de Auschwitz. As condicións de vida del son infrahumanas. El e outros carpinteiros traballaban na construción dun invernadoiro, cando acabaron , mandáronos a traballar a unha fábrica. A vida naquel campo transcorría igual ca sempre, habendo fusilados , revisións etc. Un día había uns violinistas tocando na casa do xefe e un violinista estaba tocando mal a causa do seu violín. O xefe cabreouse e quería mandar ó violinista fusilar pero nese momento entro Daniel con valentía e díxolle ó xefe que non era culpa do violinista. Entón, o xefe mandoullo arranxar e Daniel arranxou o violín como puido naquel momento. O xefe descubriu que Daniel era violeiro e en lugar de castigalo mandou facerlle un violín para el. Uns días máis tarde soupo que de aquel violín dependería a súa vida. Fíxoo con materiais que eles lle deron, polas mañás dedicábase á construción do violín e polas tardes iba á fábrica. Cando acabou de facelo tocaron con el nun concerto. Soou ben e Daniel non foi fusilado. En cambio, el sobreviviu á estancia naquel campo de concentración pero morreu novo. Aforcaron ó xefe do campo e puxéronse a subasta os seus obxectos, incluído o violín. Un amigo de Regina cómpralle o violín para Regina. Regina era en realidade a filla de Daniel e non a sobriña.

3.Estructura

Presentación.–Clemente coñece a Regina e Regina cóntalle a historia do violín que tiña.

Nó.–Historia de Daniel*

Desenlace.–Descúbrese como chega o violín a mans de Regina.

*Historia de Daniel

Presentación.–El e algúns compañeiros estaban no campo de concentración de Auschwitz xa que eran xudeus.

Nó.–Daniel cóntalle ó xefe que o fallo dun violinista que estaba tocando na súa casa é por causa do violín. Entón, o xefe mándalle arranxalo e despois ordénalle facer un violín para el.

Desenlace.–Fai o violín e sálvase, morre fóra do campo.

4.Tempo

O tempo interno é dende o principio ó final pero hai tamén analepse ó principio e ó final. O tempo externo é ó principio e final hoxe en día e no medio é na época do holocausto.

5.Espacio

O espacio físico é Cracovia ó principio e Auschwitz na historia de Daniel e hai o espacio psicolóxico como é un campo de concentración.

6.Exemplos de narracion, dialogo e descricion

NARRACIÓN

O amigo tiña información de boa fonte, porque traballaba no obradoiro de reparación do parque móbil; no medio do traballo, oía moitas novas e o chofer dun dos Oberstumsführers contáralle a outro polo dereito os proxectos de Rascher. Páxina 59

Aínda menos mal que a palabra cortante non veu acompañada dunha zoscada. Só o brazo estendido sinalou a porta da carpintería, e abofé que non precisou nin tres segundos. Disporía dunha parte do obradoiro para el. Páxina 69

DIÁLOGO

–O núm... 389 pide respectuosamente permiso para facer unha pregunta, señor–pronunciou estas palabras logo de saudar e en posición de firmes.

–Denegado Páxina 69

–Onte nin te decataches de que faltaba un.

–¿E que lles han facer? Páxina 59

DESCRIZACIÓN

Cando volvíñ ao cuarto dos meus compañeiros, reparei en que Regina se mudara: levaba un dos vestidos de concerto de Gerda, un de cor azul, con puntillas, que lle acaía moi ben. Páxina 20

O tempo ía moi frío e iso case nos impedira pasear pola cidade, tan chea de obras de arte. Páxina 15

7.Personaxes

PRINCIPAIS

Clemente.–É un home que forma un trío, é interesado polo violín de Regina.

Daniel.–É un home de profesión violeiro, é xudeu está nun campo de concentración, ten un gran valor da amizade ó axudar ó violinista cando tivo o fallo e ten un gran entendemento de violíns.

SECUNDARIOS

Son Freund,Tisch, Eva, Regina, Gerda, Virxilio, Sauckel, Bronislaw, Rascher e Ingrid.

Tódolos personaxes da historia son planos xa que non evolucionan ó longo da obra excepto Clemente que cambia as súas ideas ó oír aquela historia. Todos son reais.

8.Analise da voz narradora

Ó principio hai unha voz narradora en 1ª persoa e ten un punto de vista obxectivo.

Na historia de Daniel hai unha voz narradora en 3º persoa e ten un punto de vista omnisciente xa que fala do que pensa os personaxes.

9. Vocabulario

Luthier–Violeiro

N. da A.– Nota da autora

Paulonio–Tipo de madeira

Sicómoro–Tipo de madeira

Angueira–

Luír– Pulir a madeira

Gubia– Ferramenta de carpintería

Stradivarius– Forma de chamarlles ós violíns que fixo Stradivarius.

Flamexa– Fluír

Voluta– Remate na madeira decorativo

Prea– Insulto

Celada– Enfermidade

Lufadas– Golparadas, ráfagas

Abeiro–Lugar de seguridade

10. Campo semantico de ferramentas de carpinteria

NOME PÁXINA

Cepillo----75

Cola-----36

Granulados73

Escuadra----78

Regra---78

Martelo---76

Gubia-----76

Pinzas de madeira---90

Verniz---36

Serra de contornear-----66

Coitelas---69

11.Campo semantico de partes do violin

NOME PÁXINA

Mango---77

Bóveda79

Cordas72

Contornos76

Tapa90

Barra harmónica90

Alma---73

Arcos---73

Dipasón---107

Peitos---108

Luxas---108

12.Palabras que encontres en aleman

Lager, goim, reichführer, führer, Dreiflüssellager, bledehunde, Raus, schweight, still, schnell, smörgasbord, ja, Sturmbannführer, taled, progroms, kaser, sciolet, wermach, kapo, waffen-ss, apellplaz.

13.Palabras que non entendiches

Máis ou menos saquei ródalas oalabras polo seu contexto xa que non tiven que buscar ningunha no diccionario.

14.O libro esta escrito en:

1º persoa ó principio e en 3º persoa na historia de Daniel.

15.Tratase de:

Unha novela

16, Valoración do libro

Gustóume este libro porque mostra información sobre as penurias que tiñan que pasar os xudeus nos campos de concentración. O feito que máis me impresionou foi cando facían a revisión médica e os que non estaban en condicións levábanos en camións para morrer. Este libro mostra moita crueldade.